

***BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/UNHA  
ESPECIALISTA TITULADO/-A EN LINGUA GALEGA PARA A POSTA EN MARCHA  
DO SERVIZO MUNICIPAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA***

**1º.- Funcións e tarefas obxecto da convocatoria:**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, dunha praza de normalizador lingüístico, que se rexerá polas presentes bases, e, no que non estea previsto nestas, polas bases xerais para la selección do persoal laboral temporal do Concello de A Laracha, publicadas no el BOP de A Coruña nº 18 de 12.03.1999.

As funcións e tarefas a desempeñar pola persoa seleccionada consistirán na posta en marcha do servizo municipal de normalización lingüística, que levará a cabo as seguintes actuacións: Traducción e corrección de textos e documentos, deseño de documentación formal, resolución de consultas lingüísticas, información sobre o status legal da lingua e sobre os criterios de regulación do seu uso, elaboración e seguemento do Plan Municipal de Normalización Lingüística así como participación no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

**2º.- Requisitos dos aspirantes:**

Serán requisitos mínimos de todos os aspirantes a esta contratación:

- 1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.
- 2.- Ter nacionalidade española ou ser nacional doutros Estados conforme ós artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- 3.- Poseer a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desenvolvemento das tarefas, extremo que deberán acreditar mediante informe médico.
- 4.- Non ter sido separado, mediante procedemento disciplinario, do servizo de calquer administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- 5.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de Decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Os presentes requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Será **requisito específico** desta convocatoria estar en posesión de algunha das seguintes titulacións: licenciado en filoloxía galego-portuguesa, licenciado en filoloxía galega ou licenciado en filoloxía hispánica (sección galego-portugués).

### **3º.- Duración e tipo do contrato:**

O contrato de traballo será de duración determinada, para a realización de obra ou servizo determinado, fixándose como data de finalización el día 25 de outubro de 2007.

A xornada laboral será a tempo completo, e corenta horas semanais, distribuídas ó longo da semana co horario concreto por día establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde-presidente.

### **4º.- Retribucións:**

As retribucións estipuladas para o/a normalizador/-a serán de 1.766,17 euros brutos ó mes (incluídos todos os conceptos salariais e parte proporcional das pagas extraordinarias)

### **5º.- Criterios para a selección dos candidatos:**

A selección do persoal realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso, valorándose os seguintes méritos:

- Por cada mes de traballo en tarefas relacionadas co posto de traballo en calquera administración pública (máximo 6 puntos).....0,50 Ptos
- Por cada mes de traballo en tarefas relacionadas co posto de traballo na empresa privada (máximo 3 puntos).....0,25 Ptos
- Por cada curso impartido por algún organismo oficial e relacionado co posto de traballo (máximo 2 puntos).....0,50 Ptos.

No caso de que como resultado da valoración dos méritos anteriores se produxese un empate entre varios/-as candidatos/-as o tribunal convocaralos para a realización dunha entrevista persoal e individual. Esta entrevista valoraríase cunha puntuación máxima de 2,5 puntos, e estruturaríase en tres apartados: coñecemento das funcións do posto de traballo, previsión das actividades que o/a candidato/-a levaría a cabo no período de duración do contrato, e actitude e soltura no trato co público.

Os títulos, así como diplomas ou certificados de cursos que presenten os interesados para valorar acreditaranse con fotocopia compulsada dos mesmos, ou outro documento equivalente que permita evaluarlos, expedido polo Organismo ou Entidade correspondente.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería da Seguridade Social, certificación de servizos prestados emitido pola Administración pública competente que indique as tarefas que realizaba o traballador, e contratos de traballo.

Toda a documentación antedita será adxuntada á solicitude no mesmo momento da súa presentación no rexistro de entrada do Concello, acompañado da fotocopia compulsada do D.N.I.

Rexeitaranse aquelas solicitudes que non reúnan os requisitos ou que non acompañen os documentos esixidos. Os méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta.

*Procedemento de selección:*

Rematada a calificación dos aspirantes, e no caso de que non exista empate de puntuacións, o tribunal calificador publicará a relación de aspirantes por orde das puntuacións finais obtidas, sendo proposto para a contratación o candidato que consiga a maior puntuación. No caso de existir empate, o tribunal calificador convocará ós/as candidatos/-as empatados/-as para a entrevista persoal e individual. Unha vez realizada a mesma, publicará a relación de aspirantes por orde de puntuacións finais obtidas, sendo proposto para a contratación o candidato que consiga a maior puntuación.

Non poderá proporse máis dun candidato, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados elaborárase unha relación de reservas, por orde de puntuación, de maior a menor, por si fora preciso cubrir posibles baixas ou renuncias, unicamente válida para a presente convocatoria e ano.

**6º.- Tribunal calificador da selección:**

1.- O tribunal calificador designado por alcaldía-presidencia, estará integrado polos seguintes membros:

**Presidente:** O Interventor da Corporación, ou funcionario que o substitua.

**Secretario:** O da corporación ou funcionario que o substitua (con voz e sen voto).

**Vocais:**

A bibliotecaria do Concello da Laracha

A Psicóloga do Concello da Laracha

O técnico de normalización lingüística do Concello de Carballo

2.- O órgano de selección poderá solicitar a colaboración e asesoramento técnico que estime convinte. O órgano de selección reunirse para a estimación dos méritos e, no seu caso, para a realización da entrevista, e determinará o/a candidato/-a seleccionado/-a pola aplicación dos criterios fixados na convocatoria, e propondrá ó Sr. Alcalde o nombramento.

3.- O tribunal resolverá todas as dadas que surxan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos por las mismas.

4.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondiente que resolverá la contratación.

7º.- Formalización dos contratos:

A proposta do tribunal calificador elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no tablón de anuncios do Concello

A formalización do contrato laboral co/-a aspirante seleccionado/-a será competencia do Sr. Alcalde-Presidente; o/a aspirante deberá incorporarse ó seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexa requerido para elo.

A Laracha, 27 de agosto de 2007.

O Alcalde

José Manuel López Varela